



ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PADEL MUNICIPAL DE CASTRELO DO VAL E O PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS

Artigo 1. Fundamento legal.

Entre as competencias propias das corporacións locais, recollidas no artigo 25 da lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, encóntrase a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Por este motivo, o Concello de Castrelo do Val establece as condicións xerais, así como o prezo pola utilización da pista de pádel municipal.

Faino ca base do artigo 84.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Obxecto.

É obxecto da presente Ordenanza:

- a) Establecer unas normas xerais do uso da pista de pádel municipal.
- b) Establecer o prezo público pola utilización de dita instalación.

Ademáis das competencias xenéricas atribuídas a Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, queda facutada expresamente para:

- a) Esixir responsabilidades e indemnización polos danos e prexuízos ocasionados nas instalacións, así como impor sancións os usuarios polo incumprimento do establecido nesta Ordenanza.
- b) Alterar, por necesidades do servizo público, de interese xeral ou forza maior, a orde de preferencia na utilización do servizo e horarios de apertura e peche.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

Artigo 4. Usuarios.

1. Poderá utilizar a pista de pádel municipal calquera persoa que o solicite, de acordo co procedemento establecido na presente Ordenanza.

2. Queda prohibido o uso da pista de pádel:

- Aos menores de 14 anos, salvo que se encontre baixo a supervisión dunha persoa maior de idade.
- A aquelas persoas que foran sancionadas conforme a esta Ordenanza e durante o tempo que dure a sanción.
- Para dar clases por parte de particulares, agás as organizadas con intervención do Concello.



Artigo 5. Equipamento e uso.

Para a utilización da pista, deberáse utilizar calzado deportivo adecuado, así como raquetas e pelotas propias de pádel. A pista está adecuada para a práctica de pádel, polo que está prohibido calquera outro xogo. Antes de entrar na pista, os cogadores deberán eliminar os restos de terra ou barro que puideran levar as súas zapatillas. Igualmente ó saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupa, botes, pelotas ou botellas que se houberan utilizado.

Se os usuarios observan algunha anomalía ou desperfeto na instalación, deberán de poñelo en coñecemento do Concello.

O número máximo para utilizar a pista é de catro persoas. Os acompañantes non poderán acceder á pista.

Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos o céspede ou biombos. Tampouco está permitida a entrada de animais.

Artigo 6. Horarios.

A chave para acceder á pista entregarase tras cubrir a reserva e pagar o prezo público establecido.

A perda ou deterioro da chave da pista de pádel levará un custo de 30€.

Artigo 7. Reserva pista.

As quendas de reservas realizaranse por un mínimo de unha hora e un máximo de 2 horas. Podendo ser alugada, en caso de non existir ningún tipo de demanda por outros.

Usuarios: A reserva da pista realizarase no Concello de luns a venres en horario de 09:45 a 14:00h.

Non está permitido facer reservas con máis de dous días de antelación.

Non se admitirán reservas para terceiros. Algunha das persoas que en cada momento están utilizando as pistas, deberá coincidir exactamente con aquela que se encontre apuntada no cuadrante de reserva de pistas. De non ser así veranse obrigados a abandonar a pista.

Artigo 8. Desenrolo das actividades.

O Concello de Castrelo do Val poderá programar actividades como torneos, competicións e cursos, polo que o sistema de reservas pode ser anulado ou modificado ata a conclusión de ditas actividades.

Artigo 9. Exoneración de responsabilidade.

O Concello de Castrelo do Val non será responsable en ningún caso de:

- Perda, roubo ou extravío de calquera obxecto que se deixe nas instalacións.
- As lesións que se puideran orixinar derivadas da práctica deportiva.

Os participantes, no momento de facer a reserva, manifestan estar fisicamente aptos para realizar actividade físico-deportiva.



Os usuarios que fagan mal uso das instalacións ou provoquen danos de maneira intencionada poderán ser sancionados sen utilizar a pista, así como o abono dos danos causados. Facúltase ó Señor Alcalde para a imposición de sancións os usuarios por incumprimento desta Ordenanza, conforme os artigos 181 e SS., da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 10. Natureza.

A prestación patrimonial a satisfacer polo uso da instalación ten carácter público, por non concorrer ninguna das circunstancias do artigo 20.1 b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, habido conta que os servizos prestados polas instalacións de pádel son de solicitude e recepción voluntaria e susceptible de ser prestados polo sector privado.

Artigo 11. Tarifas.

- Prezo dunha hora: 3€ e 4€ con iluminación artificial.
- Prezo de hora e media: 4,50€ e 6€ con iluminación artificial.
- Prezo dúas horas: 6€ e 8€ con iluminación artificial.
- Bono pista pádel: 30€ - 10 reservas de unha hora e con luz 40€. Caducidade anual.
- Aluguer de raquetas e pelotas por unha hora: 0,50€.

Artigo 12. Obrigacións de pago.

Estarán obrigadas o pago do prezo público todas as persoas que utilicen a pista. A obrigación de pago nace dende o momento no que se reserve a pista. As débedas polos prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, salvo que nestas se sinala outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.